

TRABALLO DE LECTURA DE ANTOLOXÍA POÉTICA – 4º ESO

Obxectivos:

- Ler e analizar de forma crítica unha antoloxía poética, identificando os temas, recursos estilísticos e as perspectivas dos distintos autores.
- Reflexionar sobre o impacto dos poemas e establecer conexións persoais co contido.
- Desenvolver a capacidade de expresar a opinión persoal e fundamentada mediante textos escritos e exposicións orais.

Contidos e Competencias Traballadas:

- **Análise literaria de textos poéticos.**
- **Desenvolvemento da lectura crítica e da interpretación** de metáforas, símbolos e imaxes literarias.
- **Expresión escrita e oral.**
- **Traballo individual e debate en grupo.**
- **Creatividade e expresión:** Orixinalidade na creación poética e na representación visual, mantendo unha relación coherente co material lido.

Este traballo consta de varias fases que iremos desenvolvendo ao longo do trimestre. O traballo será realizado de xeito individual e **esta primeira parte deberá ser entregada antes do 30 de abril**. A partir dese momento, a profesora ditará as instrucións para a segunda parte.

Fase número 1: lectura e análise

DEBES LER A ANTOLOXÍA POÉTICA QUE ESCOLLAS (“Mafia, amiga” ou “Vinteún poetas do século XXI”) elaborando un diario de lectura. Como se fai isto? Pois a medida que vaías lendo o libro deberás ir tomando notas de cada poema, subliñando aqueles fragmentos, imaxes ou termos que che resulten significativos ou que sintas que chaman a atención e contando tamén nese diario de lectura as dificultades que poidas ter na comprensión, que che gusta e que non che gusta, se algo che recorda a outra cousa (outro libro, unha canción, unha serie...).

Unha vez lido o libro completo e realizado o diario de lectura deberás contestar

1) Identificación de Bloques Temáticos:

- Seleccionade varios bloques temáticos que aparezan na antoloxía. En que poemas aparecen e por que? Que temas unen a uns poetas e outros? Por exemplo, podedes analizar:
 - A LINGUA e a súa riqueza (poemas sobre a lingua ou a comunicación)
 - A POESÍA e os POETAS (a visión que se tece sobre a propia poesía)
 - CONFLITOS SOCIAIS e a CRÍTICA

- SENTIMENTOS: amor, desamor, soidade
- Outros temas que consideredes relevantes (como identidade, memoria ou realidade urbana)
- Para cada bloque, elixe 2-4 poemas (indicando título e autor/a) que illustren ese tema e xustifica brevemente a elección.

2) Análise Detallada de Dous Poemas:

- Escolle dous poemas da antoloxía que che resulten representativos ou que che chamen a atención. Para cada poema, contesta as seguintes cuestións:
 - **Datos básicos da autora/autor:** Quen é, contexto e breve recensión sobre a súa vida/obra (debe ser complementada con investigación adicional en internet).
 - **Explicación do contido:** Resume o poema, tal e como ti o comprendiches, e identifica o seu tema central.
 - **Aspectos formais:** Analiza a estrutura, o ritmo, as imaxes, metáforas, e outros recursos literarios que se destacan.
 - **Motivación persoal:** Explica por que escolliches eses dous poemas e que impresión ou reflexión suscitan en ti.

3) Retruncamos o poema:

Agora, deses dous poemas que escolliches, quero que te quedes só cun deles e o tomes como inspiración para realizar ti outra peza que o complemente. Iso que signica?

Que podes facer a partir del unha ilustración, un collage, outro poema, un texto en prosa, un videopoema...

A representación debe transmitir as ideas, imaxes ou sentimentos que o poema che evoca.

Só EU vou ver esa creación, non se expoñerá en clase nin a verán os teus compañeiros e compañeiras, así que deixa de lado as vergoñas e dálle á creatividade. Se te ves un pouco estancado ou estancada, podes falar comigo para que che bote unha man.